

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreira González

D^a. Aurora Varela Duro

D^a. M^a Pilar Castro Vallo

D. Miguel Sánchez Varela

D. Xosé Luis Fernández Segade

D. Antonio Orois Valiño

D^a. M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D^a. Begoña Balado Conde

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández

ACTA

En Arzúa, a 12 de xullo de 2013.

Sendo as 20.10 horas, reúnen no Salón de Sesiões da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Asistindo ao acto os dous novos concelleiros que tomarán posesión do seu cargo nesta sesión.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día da sesión:

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 31

DE MAIO DE 2013.-

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) COMPROBACION DAS CREDENCIAIS, TOMA DE POSESION E PRESTACION DE XURAMENTO OU PROMESA DOS NOVOS CONCELLEIROS, DON MIGUEL SÁNCHEZ VARELA E DON XOSÉ LUIS FERNÁNDEZ SEGADE.

Dáse vista das credenciais remitidas ao secretario do Concello de Arzúa polo Presidente da Xunta Electoral Central, mediante escrito de data 28 de xuño de 2013 cos números 2015 e 2016 de rexistro de saída (*cuxo escrito foi recibido neste Concello o día 2 de xullo de 2013, sendo rexistrado de entrada ao número 1.501*); as cales figuran expedidas a nome de don Miguel Sánchez Varela e don Xosé Luis Fernández Segade, (que aparecen incluídos nos postos 9 e 11 da lista de candidatos, presentada polo Bloque Nacionalista Galego ás Eleccións Locais do 22 de maio de 2011), en

substitución -por renuncia- de don Leonardo Bermúdez Taboada e de don José Ignacio García Couso, respectivamente. Por canto que a candidata dona María Belen García Tojo (*que figura nesa lista electoral co número 10*), presentou previamente –con data 31 de maio de 2013- un escrito de renuncia a ser designada concelleira.

Ditas credenciais foron comprobadas polo alcalde, observando que non había erros na súa expedición.

Deseguido, polo secretario informouse que os dous candidatos a concelleiros portadores da súa credencial formularon –con data 6 e 11 de xullo de 2013 respectivamente- as declaracións a que se refire o artigo 75 nº 7 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a súa posterior inclusión no “Rexistro de Intereses dos membros da Corporación”:

- Unha, sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, e
- Outra, sobre os seus bens patrimoniais e participación en sociedades de todo tipo.

Tras o exposto, o Sr. alcalde procedeu a tomar xuramento a don Miguel Sánchez Varela e a don Xosé Luis Fernández Segade, como requisito previo para tomar posesión do cargo de concelleiros, e segundo a fórmula establecida a través do Real Decreto 707/1979 de 5 de abril:

¿Xura ou promete, pola súa conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealtade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?

Contestando: tanto o Sr. Sánchez Varela como o Sr. Fernández Segade, que si o prometían.

Fai uso da palabra entón o alcalde para manifestar que daba a benvida aos dous novos concelleiros, desexándolles sorte no desempeño do seu cargo.

Deseguido a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) e o Sr. Orois Valiño (do PP) tamén deron a súa noraboa a ambos concelleiros, por pasar a formar parte desta Corporación Municipal; facéndolles saber ao Sr. Orois Valiño que terán o apoio do grupo político do Partido Popular no desempeño do seu cargo, ao tempo que expresou o seu desexo de que nos levemos todos o mellor que poidamos.

Efectuado o anterior, ambos concelleiros quedaron integrados na Corporación Municipal a todos os efectos, quedando incorporados como integrantes do grupo político do Bloque Nacionalista Gallego en substitución de don Leonardo Bermúdez Taboada e de don José Ignacio García Couso, respectivamente.

Punto 3º) DERROGACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA PÚBLICO DEPENDENTE DO CONCELLO DE ARZUA, ASÍ COMO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA, E APROBACIÓN DA NOVA ORDENANZA.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 9 de xullo de 2013; no seguinte sentido:

“Pregunta a Presidenta da Comisión aos concelleiros e concelleiras presentes qué lles parece esta ordenanza e si teñen algunha proposta ou alegación que facer sobre ela.

Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S de G), manifestando que a vai ler detidamente e que se pronunciará sobre ela no próximo Pleno.

Toma a palabra a Sra. Castro Pampín (do P.P), preguntando á interventora ¿que se entende por custos indirectos ou mediais?

Responde a interventora que os custos indirectos son aqueles que non son imputables de xeito directo a un servizo concreto, pero serven igualmente ao mesmo. Ao efecto de elaboración dos estudos de custos, hai que establecer un criterio de reparto, que permita individualizar qué parte do gasto xeral é imputable a un determinado servizo.

Intervén de novo a Sra. Castro Pampín manifestando que en principio están de acordo co disposto na ordenanza, pero que vai consultar cos demais compañeiros para pronunciarse definitivamente no Pleno.

Toma a palabra a Presidenta da Comisión, solicitando aos concelleiros e concelleiras que, si teñen algunha proposta que facer, a presenten antes do Pleno para que poida ser estudiada debidamente.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por dous votos a favor das dúas concelleiras do BNG (Sra. Varela Duro e Sra. Torreiro González) e catro abstencións (da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde e dos tres concelleiros do PP, Sr. Orois Conde, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez) o acordo de informar favorablemente a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no Conservatorio Profesional de Música dependente do Concello de Arzúa e na Escola Municipal de Música.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que hai un déficit enorme no mantemento do Conservatorio, e considera que a solución non é subir as taxas para que ese déficit desapareza.

- Que desde o Partido Socialista pensase que hai que tomar outras medidas en canto á organización, porque os alumnos e os pais veñense queixando de que hai unha desorganización; e tamén considera que hai que crear un debate en torno a este tema.

- Que sería unha magoa que desaparecese o Conservatorio despois de tantos anos, polo que habería que buscar unha solución para reducir ese déficit, e facer un debate cos profesores, os pais dos alumnos e o director do Conservatorio.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que está de acordo co dito por Begoña e, dada a situación en que se atopa o Conservatorio, a ordenanza presentada necesita máis debate, e que tratemos sobre os temas organizativos coa asociación de pais de alumnos.

- Que estamos en contra de que desapareza o Conservatorio, porque algo que costou tanto conseguir non podemos votalo a pique.

- Que debemos tratar entre todos de buscar a solución máis axeitada ao tema.

- Que hai persoas coas que non se falou, e habería que facelo, para buscar formas de organización mellorables, así como buscar tamén outras formas de financiación.

*Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que está de acordo en que hai que debatir cuestións que existen no Conservatorio desde hai tempo, pero agora o que se trata de debatir é sobre as taxas previstas nesta ordenanza, que teñen que traerse a esta sesión plenaria para que poidan estar aprobadas cando empece o novo curso.

- Que a decisión de revisar as taxas, como ben sabemos, foi tomada a partir dos recortes que sufrimos.

- Que estas taxas non se revisaban desde hai doce anos, e con esta revisión non imos a ser o Conservatorio que máis cobra, porque pasaremos a estar nun termo medio, tirando a baixa; entre o Conservatorio de Carballo que é un dos máis baratos e o de Melide que é dos máis caros.

- Que o déficit do Conservatorio durante estes anos rondaba os noventa mil e pico euros, e o ano pasado –debido aos recortes- este déficit aumentou en 101.000 euros.

- Que este ano os recortes foron a máis, porque 5.000 euros que percibíamos da Xunta de Galicia non se percibiron, e outra subvención que viña dando a Deputación Provincial, desde a época do bipartito, aos concellos con Escolas de música, por importe de 10.000 euros, e aos concellos con Conservatorios de música, por importe de 20.000 euros, votouse a baixo.

Comprobándose:

- Que, nos concellos gobernados polo PSOE, a redución media é do 60%
- Que, nos concellos gobernados polo BNG, a redución é en torno ao 70%.
- Que, nos concellos gobernados polo PP, a redución dun 0,6%.

En consecuencia non se trata dunha redución equitativa, senón vergonzosa; e hai casos –como o do concello de Cee que está gobernado polo PP- no que, en vez de reducirlle o importe da subvención, se lle dobra xa que pasa de 10.000 euros a 19.950 euros.

- Que con estes recortes, e cos números que fixeron os servizos económicos, o déficit do Conservatorio para o curso que vén vaixe aos 130.000 euros.

- Que só no apartado de persoal, o custo do Conservatorio é de case 158.000 euros, de cuxa cantidade case o 37% vai para o director do Conservatorio, o 18% para o auxiliar administrativo e conserxe e o 44,75% para oito profesores.

Á vista destes datos pódese dicir que hai cousas que hai que revisar.

- Que este ano vaixe facer un esforzo para manter aberto o Conservatorio, a pesar dese déficit de 130.000 euros.

- Que nestes dous anos estamos facendo malavarismos para tapar os recortes, e non sabe se chegará un momento en que non poidamos facer máis malavarismos.

E esta situación é a que se espuxo aos pais de alumnos, sen que en ningún momento dixera que se ía pechar o Conservatorio.

- Que o Concello está facendo un esforzo para facer fronte a ese burato de 130.000 euros; os pais terán que facer un esforzo con respecto coa suba de taxas; e xa se lle pediu un esforzo ao equipo directivo e ao profesorado que non chegaron a cumprir del todo.

O que non pode ser é que todo o mundo faga un esforzo e por encima funcione mal o Conservatorio.

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar:

- Que aparte da suba das taxas, deberíase falar da organización do Conservatorio, porque hai moitas queixas.

- Que deberíamos facer un debate para tratar do Conservatorio porque, por moito que suban as taxas, o déficit e a desorganización van a estar igual.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que non ten nada máis que engadir.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSde G-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do grupo político do PP- os seguintes acordos.

Primeiro.- Derrogar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no Conservatorio profesional de música público dependente do Concello de Arzúa, así como na Escola municipal de música, que fora aprobada inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 22 de maio de 2002; cuxo acordo quedou elevado a definitivo ao non presentarse reclamación ou suxerencia ningunha durante o período de información pública, polo que se publicou aquel acordo e o texto íntegro da ordenanza agora derogada no Boletín Oficial da Provincia nº 188 de 17 de agosto de 2002

Segundo.- Aprobar provisionalmente a nova ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no Conservatorio profesional de música público dependente do Concello de Arzúa, así como na Escola municipal de música, nos termos en que quedou redactada.

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, durante los cales os interesados poderán presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

Cuarto.- Considerar elevado a definitivo tanto o acordo de aprobación provisional da referida ordenanza, como o acordo de derogación da anterior, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Quinto.- No anterior suposto (de aprobación tácita) publicárase integramente, no Boletín Oficial da Provincia, tanto o texto da referida ordenanza, así como a parte dispositiva do acordo de aprobación da mesma e de derogación da anterior.

Entrando en vigor a nova ordenanza cando se leve a cabo a publicación íntegra da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

(Con respecto á votación dos concelleiros do grupo do Partido Popular, o Sr. alcalde quixo facer constar que espera que traian un montón de propostas para mellorar a situación económica do Conservatorio).

Punto 4º) DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, E APROBACIÓN DA NOVA ORDENANZA.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 9 de xullo de 2013; no seguinte sentido:

"Toma a palabra a Presidenta da Comisión para informar que o Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, dispón que as corporacións locais deberán adaptar as súas ordenanzas municipais na materia de axuda no fogar ao disposto no referido decreto; logo a marxe de manobra que existe neste suposto é moi escasa.

Toma a palabra a Sra. Castro Pampín (do P.P), comentando que parece que se trata dunha cuestión na que xa está todo regulado, e pregunta á interventora ¿si neste suposto non é necesario facer un informe económico?

Responde a interventora:

-Que a última reforma da Lei reguladora de Facendas Locais establece a necesidade de incorporar no expediente de establecemento de taxas un informe técnico-económico, no que se poña de manifesto a previsible cobertura do custe, xa que o importe das taxas por prestación dun servizo non pode exceder do custo real ou previsible do servizo.

- Que esta é a norma xeral, que non rexe cando se trate de reducir o importe das taxas ou de actualizacións ou revalorizacións de carácter xeral.

- Que neste suposto trátase de adaptar a ordenanza fiscal ao réxime establecido no Decreto 99/2002 da Xunta de Galicia, que establece un sistema de copagamento, de xeito que o custo do servizo é asumido só en parte polo usuario; de ahí que, tal e como está plantexada a taxa, en ningún caso a recadación obtida pode superar o custo do servizo.

Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S de G), manifestando que en principio está de acordo, pero vai estudar o tema con mais profundidade para pronunciarse no Pleno.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por dous votos a favor das dúas concelleiras do BNG (Sra. Varela Duro e Sra. Torreiro González) e catro abstencións (da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde e dos tres concelleiros do PP, Sr. Orois Conde, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez) o acordo de informar favorablemente a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que se trata dunha ordenanza que había que adaptar, como viñeron facendo todos os concellos.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que estamos de acordo co que dixo Begoña, por tanto estamos a favor desta ordenanza.

* Da Sra Varela Duro (do BNG) para expoñer que remítese ao dito na sesión da Comisión especial de Contas, aínda que lle gustaría facer unha pequena puntualización, e, neste sentido, unha das modificacións que se van facer a través desta ordenanza, e que lle parece positiva, é que se vai a tratar de poñer en funcionamento que calquera persoa dependente vai a ter o mesmo trato e o mesmo servizo, independentemente do concello en que estea; por exemplo se unha persoa, que está no concello de Arzúa, se traslada ao concello de Silleda, vai ter o mesmo tipo de prestación.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Derrogar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, que fora aprobada inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 31 de agosto de 2010; cuxo acordo quedou elevado a definitivo ao non presentarse reclamación ou suxerencia ningunha durante o período de información pública, polo que se publicou aquel acordo e o texto íntegro da ordenanza agora derogada no Boletín Oficial da Provincia nº 227 de 29 de novembro de 2010.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a nova ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, nos termos en que quedou redactada.

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

Cuarto.- Considerar elevado a definitivo tanto o acordo de aprobación provisional da referida ordenanza, como o acordo de derogación da anterior, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Quinto.- No anterior suposto (de aprobación tácita) publicárase integramente, no Boletín Oficial da Provincia, tanto o texto da referida ordenanza, así como a parte dispositiva do acordo de aprobación da mesma e de derogación da anterior.

Entrando en vigor a nova ordenanza cando se leve a cabo a publicación íntegra da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Punto 5º) ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E RECRETATIVAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 9 de xullo de 2013; no seguinte sentido:

"Intervén a presidenta desta comisión, Sra. Torreiro González (do BNG), para expoñer:

-Que se trata dunha ordenanza, nova a través da cal se pretenden cobrar uns prezos aos usuarios das actividades deportivas que se realicen nas instalacións municipais, que ata agora se referían a ioga, tenis, patinaxe e ximnasia da terceira idade.

- Que, para fixar os prezos que figuran nesta ordenanza, consultamos os que tiñan establecidos varios Concellos e sacamos un promedio.

- Que o cobro destes prezos públicos servirá para contribuír ao mantemento das instalacións deportivas.

- Que tamén é unha forma de control das actividades deportivas, posto que ata agora -como non se cobraba nada- moitos usuarios anotábanse nalgunha das actividades impartidas e despois dábanse de baixa, dándose a circunstancia de que ao final quedaba un profesor con dous o tres alumnos nalgunha actividade.

De seguido realizáronse as seguintes intervencións:

**Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para expoñer que considera que a aprobación desta ordenanza servirá para contribuír á organización das actividades e a que haxa un control.*

**Da Sra. Castro Pampín (do PP), para expoñer que se os usuarios pagan un prezo, polas actividades que se vaian realizar, implicaranse máis.*

Preguntando seguidamente á interventora ¿Se nos prezos públicos previstos atopase incluído o IVE? Contestando a interventora, que si.

Tras o exposto, a presidenta someteu a votación ordinaria a conveniencia de aprobar esta ordenanza; adoptándose - por unanimidade dos seis membros asistentes (2 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a súa aprobación, na vindeira sesión que se celebre.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

**Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:*

- Que hai poucos concellos que teñan unhas instalacións deportivas tan boas como as de Arzúa.

- Que ata agora foi gratis a realización das actividades que se realizaban nesas instalacións, mentres que nos demais concellos hai que pagar; e, no momento en que nos atopamos, considera que é necesario que se pague un pouco pola súa utilización, para contribuír ao mantemento desas instalacións.

- Que a xente apuntabase ás actividades porque eran gratis, e despois non iba, dándose a situación de que un profesor, que empezaba a actividade con vinte alumnos, remataba a tempada con un só.

- Que o pago do prezo público previsto nesta ordenanza vai servir para organizarse mellor e para que apreciemos máis o deporte.

**Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que esta de acordo con Begoña, e considera que hai que esixir responsabilidade á xente cando se apunta a unha actividade; e se nón acude esas actividades, polo menos que pague porque é como se houbera contrada unha obriga entre as partes.*

**Da Sra. Castro Vallo (do BNG) para expoñer:*

- Que Arzúa era un dos poucos concellos que non cobraba nada, e agora limitámonos a facer unha media dos prezos que teñan outros concellos; por exemplo o concello de Melide cobra 10 euros ao mes por cada actividade, é dicir, ao acabar a tempada supón 90 euros, outros concellos como o de Boimorto cobran menos.

- Que nos fixemos unha media tirando á baixa, pensando en que ninguén vaia a deixar de facer unha actividade deportiva por culpa do prezo, e para iso puxéronse tres tramos de idades: un ata os 17 anos, outro dos 18 aos 60 anos e outro para maiores de 60 anos; de maneira que o prezo por hora e tempada será o seguinte: ata os 17 anos, 24,79 euros; de 18 a 60 anos, 41,32 euros; e de máis de 60 anos, 28,92 euros.

- Que ademais hai unha serie de bonificacións e descontos, que se recollen no artigo 6º da ordenanza presentada.

- Que o que se recade por este prezo público vai a representar unha axuda, porque o consumo de luz nas instalacións é alto e para o seu mantemento houbo que contratar a tres persoas.

- Que, do informe económico que fixo a interventora, dedúcese que podemos recadar ata 15.000 euros.
- Que, ademais, na ordenanza preveuse que o pago do prezo público poida ser fraccionado en dous prazos.
- Que se trata duns prezos moi baixos, xa que saen a menos dun euro por hora de clase.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades deportivas e recreativas nas instalacións deportivas municipais, nos termos en que quedou redactada.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Cuarto.- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que fora publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Punto 6º) ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ARZÚA.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para determinados Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 9 de xullo de 2013; no seguinte sentido:

“Estando presente para tratar este punto a Sra. Castro Castro, traballadora social deste Concello, por indicación da presidenta desta Comisión informativa pasou a realizar a seguinte explicación:

-Que tendo en conta o Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento -publicado no DOG nº 63 do 30 de marzo de 2012- (que deroga os artigos 13.1, 17, 18 e o punto primeiro da disposición transitoria da Orde do 22 de xaneiro de 2009), as corporacións locais

teñen un prazo de 18 meses, contados dende o día seguinte ao da publicación do Decreto, para a adaptación as súas ordenanzas ao disposto no mesmo.

-Que o Servizo Inspección de Centros e Inclusión da Xunta de Galicia remitiu un modelo de ordenanza, que se adaptou para este Concello; e que cando sexa aprobada polo Pleno deberá ser enviada ao citado servizo para ser visada.

- Que, en relación coa ordenanza anterior, garantírase a homoxeneidade no acceso ao servizo, por parte de todos os cidadáns; desta forma unha persoa dependente pagará o mesmo polo servizo de axuda no fogar en calquera concello, xa que o custo do servizo vai en función da súa capacidade económica referida ao IPREM e non en función do prezo hora.

- Que nesta ordenanza modifícase a regulación da aportación por parte das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar municipal, establecendo unhas regras diferentes para o servizo de axuda a domicilio–dependencia e o servizo de axuda a domicilio-prestación básica.

- Que a capacidade económica para as persoas usuarias non cambiou nada máis cunha porcentaxe que marca o decreto.

-Que na ordenanza fiscal adaptouse o artigo 5, nomeado “Cota tributaria”, no que aparece un cadro referido a IPREN; non como se facía antes que era referido o custo por hora.

- Que cambiouse o baremo que se utiliza para valorar as situacións de todas as persoas que acceden ao servizo de axuda a domicilio-prestación básica; agora inclúese aspectos como autonomía persoal, o apoio social e a situación familiar, etc...

Indica tamén a Sra. Castro Castro que as corporacións locais teñen que adaptar as súas ordenanzas municipais ao decreto; ao mellor dentro dun ano publicarase outro novo decreto e hai que volver a modificala.

Indica o Oros Valiño (do PP):

- Que no informe de intervención, no seu apartado terceiro indicase que no expediente non consta informe económico e financeiro, polo que supón que non fai falta ese informe.

- Que supón que non consta ese informe porque o pago por taxas non vai superar o custo do servizo; igual por iso non fai falta o informe económico financeiro.

Indica a Sra. Varela Duro que iso aclararao a interventora na sesión da comisión de contas que se celebrará deseguido.

Considerada a conveniencia de aprobar esta ordenanza, o Sra. presidenta decidiu someter a votación ordinaria a proposta de aprobación da mesma polo Pleno do Concello;

Adoptándose –por sete votos a favor (3 do BNG, 3 PP e 1 PSOE)- o pronunciamento de proñoer ao Pleno a aprobación de dita ordenanza, nos termos en que quedou redactada.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, como se trata de aprobar unha ordenanza adaptada ao Decreto que regula os servizos sociais comunitarios, o concello non ten marxe de manobra.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular esta de acordo con esta ordenanza, e sobre todo en que cada un pague conforme á renda que ten.

* Da Sra Varela Duro (do BNG) para indicar que se remite ao dito na sesión da Comisión informativa.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Arzúa, nos termos en que quedou redactada.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Cuarto.- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que fora publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Punto 7º) CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2012.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 23 de maio de 2013; no seguinte sentido:

“Pola Presidenta explícase que neste asunto trátase de informar o expediente da conta xeral do orzamento do exercicio 2012, que está integrada polos seguintes estados: Balance, Conta de resultados, Estado da liquidación do orzamento do exercicio 2012 (da que xa se deu conta ao pleno) e Memoria. A estes estados únense os certificados bancarios e a acta de arqueo de caixa. A conta xeral foi confeccionada

pola intervención municipal, e preséntase ante esta comisión de contas dentro do prazo establecido na lei reguladora de facendas locais, que é o día 1 de xuño.

Toma a palabra a interventora a instancia da Presidenta para informar o seguinte: “As Entidades Locais como xestores de fondos públicos teñen a obriga de informar e xustificar a actividade económico-financeira que realizan en cada exercicio económico. Para iso, teñen a obriga legal de elaborar as súas contas anuais que reflectan a forma na que se desenvolveu esta actividade.

A Conta xeral é un conxunto de documentos e estados que a Entidade Local ten que elaborar ao final de cada ano para informar sobre:

- A situación do patrimonio, é dicir, a situación dos bens e dereitos da Entidade local, do seu financiamento e dos seus préstamos e débedas ao final do ano.*
- Os gastos, ingresos, beneficios e perdas da Entidade local durante o ano ao que se refire a Conta xeral.*
- Como se executou o orzamento da Entidade local, é dicir, ofrecer información sobre canto e en qué se gastaron os recursos que se obtiveron nese ano, e cales foron eses recursos. Tamén se informa sobre a forma na que se realizaron eses gastos e ingresos.*

Os documentos que fundamentalmente ofrecen información sobre os resultados da actividade económica das Entidades locais e das súas entidades dependentes son as contas anuais que están formadas polos seguintes estados:

Balance de situación: reflecte a situación e variación do patrimonio.

Conta do resultado económico-patrimonial: reflecte os ingresos e gastos económicos e o seu resultado.

Liquidación do orzamento: reflecte a execución do orzamento dunha Entidade Local.

Memoria: completa e aclara a información que se contén nos estados anteriores.

A conta xeral deberá ser aprobada polo Pleno da Corporación e posteriormente remitida para a súa fiscalización externa aos órganos de control externo.”

Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S de G), comentando que se trata de cousas que xa se foron aprobando en cada Pleno, e que por eso non hai moito que explicar. Que si destaca a diferenza de ingresos que se obtiveron no ano 2011 respecto dos obtidos no ano 2012; e que tamén lle chamou a atención unha partida que se refire á igrexa de Burres, e que lle gustaría saber qué é o que comprende exactamente esa partida, porque de entrada parécenlle moitos cartos, en concreto, 81.714,99 euros.

Toma a palabra a Presidenta da Comisión para explicar que esa partida se corresponde cunha obra do POS, cuxo proxecto se denomina “Pavimentación entorno igrexa de Burres e outros”, pero que comprende distintas unidades de obra, cales son: Pavimentación entorno igrexa de Burres, Interior en Preguntoño, Interior en Barros e Magolán, e o Camiño dende a Riba a Rial. Destas obras o que queda pendente de executar nestes momentos correspóndese cun importe de aproximadamente 29.000 euros; e terán que quedar rematadas antes do 1 de novembro.

Intervén a Sra. Castro Pampín (do P.P) manifestando que en principio vanse abster, á espera do pronunciamento que se faga no Pleno.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por tres votos a favor (das dúas concelleiras do BNG, Sra. Varela Duro e Sra. Torreiro González, e da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde) e tres abstencións (dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez) o acordo de informar favorablemente a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2012."

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que non ten nada mais que comentar, porque as dúbidas que tiña preguntounas.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que non ten nada que engadir.

*Da Sra Varela Duro (do BNG) para expoñer que se remite ao ditame da Comisión especial de Contas.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do grupo político do PP- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a conta xeral do exercicio económico 2012.

Segundo.- Remitir esta conta ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 212 n° 5 do Real Decreto Lexislativo de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE O MES DE MARZO DE 2013.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de marzo de 2013 –en que foi ditada a resolución máis inmediata a última de 28 de febreiro de 2013 (*da cal se dou conta na anterior sesión plenaria*)- ata a ditada o día 26 de marzo de 2013.

Estando referida tanto a primeira resolución (*reflectida no folio 7.152 e volto*) como a última resolución (*reflectida no folio 7.180 volto e 7.181*) a aprobación de

facturas cuxo importe individualizado é inferior a 3.000 euros, por ser esta a cantidade que se reservara o alcalde para dispoñer de gastos, posto que a aprobación dos gastos que excedan de dito importe -dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011.

Tras todo o exposto, adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN (REFERIDO AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2013) ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo secretario indícase que ese informe refírese ao primeiro trimestre do presente exercicio económico, cuxo informe foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurrirán mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitarán os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron un informe con data 15 de maio de 2013, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xaneiro e 31 de marzo de 2013, salvo erro ou omisión involuntario, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no primeiro trimestre de 2013:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	83	199
Importe total	58.650,29 euros	401.736,12 euros

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 n° 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	146	14
Importe total	208.854,24 euros	13.612,43 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 n° 4 Lei 15/2010):

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada polo tesoureiro e pola interventora.

Segundo.- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Punto 3º) DAR CONTA DO DESESTIMENTO PRESENTADO POR DON XOSÉ INACIO GARCÍA COUSO E DON LEONARDO BERMÚDEZ TABOADA, NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO P.O: 172/2012, QUE INTERPUXERAN CONTRA UN ACORDO PLENARIO ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE ABRIL DE 2012.

Por indicación do alcalde, o secretario informou:

a) Que por parte de don Leonardo Bemúdez Taboada e de don Xosé Inacio García Couso, cando eran concelleiros deste Concello, interpúxose un recurso contencioso-administrativo (P.O. 172/2012) contra o acordo adoptado polo Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 27 de abril de 2012, por virtude do cal aprobouse o cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso, pasando de estar incluído no Nivel III.- Protección Ambiental, a quedar incluído no Nivel I.- Protección Integral.

Votando en contra o Sr. Bermúdez Taboada na adopción daquel acordo; mentres que o Sr. García Couso non asistiu a dita sesión.

b) Que posteriormente, mediante escrito de data 31 de maio de 2013, presentado por unha procuradora dos tribunais, no Xulgado Contencioso-Administrativo nº 4 de A Coruña, desistían do citado recurso contencioso-administrativo, solicitando o seu arquivo, sen imposición de costas; baseando ese desestímulo en que –como presentaran a súa dimisión como concelleiros non respondía ao seu interese a continuidade do recurso.

c) Que de conformidade co disposto no artigo 74 nº 3 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, a secretaria do referido xulgado dou traslado a este Concello por un prazo de cinco días, sen que durante dito período de tempo se formulara oposición algunha a ese desestímulo; polo que con data 10 de xullo ditouse un decreto pola secretaria do mesmo xulgado, a través do cal se ten por desistidos aos dous recurrentes e se declara a terminación do procedemento, ordenando o arquivo das actuacións e a devolución do expediente administrativo a este Concello.

Tras o exposto, a Corporación Municipal –por unanimidade dos seus trece membros asistentes- adoptou o acordo de quedar enterados.

MOCIONS

Antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida no punto seguinte (Rogos e preguntas).

Manifestando o voceiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Orois Valiño, que o seu grupo político quere presentar unha moción **sobre presuntos casos de corrupción que poideron ser constitutivos de delitos, para poñelos en coñecemento da autoridade xudicial correspondente, coa maior premura.**

Pasando o Sr. Orois Valiño a dar lectura de dita moción, cuxo contido é o seguinte:

“Antonio Orois Valiño, en calidade de portavoz do grupo municipal do Partido Popular de Arzúa; al amparo del artículo 82.3 del Real Decreto 2568/1986 de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales; solicita por razones de urgencia que en el pleno del día de hoy, si se consideran debidamente motivadas, se incluya en el orden del día, y previamente sometida a votación por dicho órgano la estimación de urgencia, la presente moción, que versa sobre presuntos casos de corrupción que

podieran ser constitutivos de delitos, para caso de ser así ponerlos en conocimiento con la mayor premura ante la Autoridad Judicial correspondiente.

Los hechos a los que se hace referencia en la presente moción son, sin seguir un orden cronológico, los siguientes:

PRIMERO.-

Contrato de explotación de las piscinas con la mercantil Aquagest (año 2009). Este primer apartado sólo se pone en conocimiento de que se presentarán ante el Juzgado correspondiente hechos conocidos y documentación, estudiada después de ser facilitada por el Concello, por si la Autoridad Judicial los considera relevantes.

Las conclusiones a las que se ha llegado después del análisis de la documentación, no deben ser objeto de debate ya que la causa se encuentra sub iudice y será el Juzgado de Instrucción nº 1 de Lugo, que entiende de los hechos, el receptor de la misma. Se significa que por resolución judicial ya fue requerida la entrega del expediente al Concello sobre la adjudicación de los servicios de piscina a AQUAGEST.

SEGUNDO.-

Prorroga por veinte años del contrato de concesión para la gestión del suministro domiciliario de agua potable en el Concello de Arzúa, y la modificación de taxa por el suministro de agua y conservación de contadores y acometidas.

En Pleno del Concello de Arzúa, sesión extraordinaria, celebrada el día 12 de noviembre de 2004, se prorrogó por veinte años el contrato de concesión para la gestión del suministro domiciliario de agua potable en el Concello de Arzúa, y la modificación de la tasa por el suministro de auga y conservación de contadores y acometidas. El acuerdo fue adoptado por once votos a favor (6 del PP y 5 del BNG), con dos votos en contra del Partido Socialista de Galicia-PSOE.

Caben una serie de preguntas que pueden ayudar a esclarecer los hechos:

¿Dónde se encuentra la oferta presentada oficialmente por la mercantil ESPINA Y DELFÍN, cuya documentación como se demuestra fue presentada el día 4 de octubre de 2004 tal como figura en copia del libro de registro con número de orden de entrada 4009?

¿Sabe alguien donde puede estar el estudio o informe que según dijo el Sr. Esmorís Cendón (PP) había elaborado, tal como consta en la Comisión de Cuentas y de Economía y Hacienda de 12 de noviembre de 2004 y que iba a poner a disposición de todos los Grupos Políticos en el Pleno? ¿Por qué no cumplió en el pleno celebrado la tarde de ese mismo día lo que había dicho en relación al estudio o informe –que al parecer constaba de tres volúmenes-?

¿En qué fecha, si es cierto, entro a trabajar Andrés García Amarante, hijo del entonces alcalde D. Xaquín García Couso, para la mercantil AQUAGEST o cualquier empresa vinculada al mismo grupo?

¿En qué fecha inició la relación laboral el Sr. Esmorís Cendón con AQUAGEST o empresas vinculadas con ésta?

¿Cómo ningún concejal de los gobiernos del BNG, ni concejales de otros grupos políticos se atrevieron a dar cuenta de estos hechos por si pudieran ser constitutivos de delito? ¿Quizás nadie lo sabía? ¿Se miraba para otro lado?

Estos interrogantes alguien deberá responderlos ante la Autoridad Judicial si ésta lo estima oportuno.

Los hechos sucedidos no parecen ser fruto de la casualidad, presumimos la inocencia de todas las personas, pero cuando hay indicios de actuaciones irregulares y presuntamente delictivas estamos obligados a ponerlas en conocimiento de la Autoridad Judicial que será la que imparta Justicia y determine en su caso si hay o no responsabilidad penal por las mismas de responsables políticos, concretamente del anterior alcalde D. Xaquín García Couso y concejal o concejales del Concello de Arzúa, independientemente de adscripciones políticas.

TERCERO.-

Presunto delito de malversación (malversación impropia). Se ha podido saber según diversas informaciones que en el año 2010 a instancias del gobierno municipal o responsables del mismo, a través de una empresa se procedió a la pavimentación de las calles Rúa do Cubelo, Rúa Catro Ventos (de una urbanización que en principio, salvo criterio contrario, debe considerarse privada) y otra sin nombre que se inicia entre los números 68 y 70 de la calle Ramón Franco.

Ninguna de estas calles figura en el inventario municipal, tal como se hace constar en certificado expedido por el Sr. Secretario municipal, con fecha 17 de junio de 2013.

Al respecto de estas obras cabe preguntarse:

¿Qué documentación existe sobre dichas obras en el Concello?

¿Como fue sufragado el coste de las obras y en que partida presupuestaria consta?

Puede argumentarse que dichas calles fueron costeadas por los vecinos, pero no parece creíble, sino que apunta a que estas obras obedecieron a actuaciones de precampaña electoral y que podrían coincidir con la fecha del crédito de aproximadamente 800.000 euros, concedidos por una entidad bancaria al Concello de Arzúa, aunque no es posible afirmar que fuesen sufragadas a cargo del mismo.

También hay que preguntarse:

¿Quién era el concejal de obras cuando se pavimentaron esas calles?

La respuesta a esta pregunta, a través de informaciones obtenidas indican que D. Leonardo Bermúdez Taboada era el Concejal de Obras en la fecha que se pavimentaron las calles mencionadas.

Todo es posible, pero no sería fácil de entender que el Sr. Bermúdez Taboada, entonces teniente alcalde, con dedicación exclusiva, no tuviese conocimiento de los

hechos, cuando su actitud de vigilancia sobre las obras de algunos vecinos de Arzúa era sobradamente conocida.

Con esto no se pretende acusar a nadie, sino exigir responsabilidad si las hubiera y determinar con precisión los hechos y las personas cuyas actuaciones pudieran ser constitutivas de comportamientos ilícitos.

En manos del actual equipo de gobierno, con José Luis García como alcalde, está determinar este hecho y en caso de ser cierto y presuntamente delictivo, el artículo 408 del Código Penal obliga a ponerlos en conocimiento de la Autoridad Judicial competente, en este caso del Juzgado de Instrucción de Arzúa.

También tenemos la convicción los concejales del Partido Popular presentes que, personas que formaron parte del equipo de gobierno del Bloque Nacionalista Galego en la anterior legislatura, no han tenido ningún tipo de responsabilidad y eran desconocedores de este y otros hechos.

Esta moción trata sobre hechos y presuntas actuaciones ilícitas, pero no tiene ánimo alguno de mancillar a ninguno de los partidos políticos, ya que las personas físicas son las que deben de responder de sus comportamientos.

Por todo ello solicitamos, después de debatida la presente moción de urgencia, que se someta a votación por el Pleno y que éste apoye la medida de poner en conocimiento de la Autoridad Judicial los hechos referidos”

Dado o contido desta moción, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre a mesma.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse a pasar ao debate e votación de dita moción.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que é voz populi que desde o ano 2004 se poideron cometer algún tipo de irregularidades en relación coa contratación da empresa AQUAGEST; estas irregularidades foron postas de manifesto na prensa de forma reiterada e temos que poñerlle fin a estes rumores, e mirar se as persoas que son responsables das actuacións -ás que presumimos inocencia- cometeron algunha actuación irregular nas mesmas.

- Que o Partido Popular non fai distincións entre ningún grupo político; o que pretendemos é dar conta das irregularidades que consideramos, e poñelo en coñecemento da xuíz.

- Que, en canto ao último punto da moción, referido á pavimentación das rúas, a competencia para coñecer os feitos –en caso de consideralos delictivos- sería do xulgado de Arzúa.

- Que presumimos a inocencia de todas as persoas, pero esa presunción de inocencia non pode impedir que cumplamos coa nosa función de dar conta á xustiza, por se houbera comportamentos ilícitos.

*Da Sra. Balado Conde (do PS de G-PSOE) para expresar:

-Que enterouse pola prensa de que se ía presentar esta moción.

-Que dende o Partido Socialista denunciámos antes que ninguén estas irregularidades, xa no ano 2004 a través do compañeiro Carlos Mato, cando se tratou sobre o tema das taxas, e despois na prensa como todo o mundo sabe.

- Que pensamos que é a xustiza a que debe actuar, e dende o Partido Socialista estamos dispostos a axudar á xustiza no que nos pida, para facilitar a documentación que podamos e a información que teñamos.

- Que á xuíza Pilar de Lara –que é a encargada de levar este asunto- xa se lle enviou a documentación que solicitara ao concello, e se ve necesario outra documentación pediráa.

- Que desde o Partido Socialista sempre denunciámos estas irregularidades, pero tamén pensamos que a xustiza é quen debe seguir actuando, porque senón estaríamos politizando a xustiza.

- Que o Bloque Nacinalista Galego e o Partido Popular foron os que votaron a favor do contrato de concesión do servico de augas con AQUAGEST, mentres que o Partido Socialista votou en contra e denunciou este tema no seu momento.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

-Que nun tema de tanta transcendencia neste momento deberíamos ter a información desta moción moito antes; formulando as seguintes preguntas:

• ¿Que clase de documentación recopilou o Partido Popular?

• ¿Que outras cousas pode complementar o Partido Popular que non teña xa a xuíza?

- Que deberíamos separar a política municipal do que é a vía xudicial; facer política a este nivel pode ser perigoso, porque o asunto xa se esta levando por expertos e o noso cometido vai por outro lado, e non debemos meternos no tema xurídico, que non é da nosa incunvencia.

- Que as irregularidades poden ser palparias e poden ser obxectivas, pero quen o ten que sopesar e sacar á luz e completar a información será a través da vía xurídica.

- Que non temos coñecemento do dossier que o Sr. Orois Valiño pretende enviar ao xulgado, temos carencia de información, e polo tanto nós non imos votar algo do que non somos coñecedores.

- Que se o Partido Popular ten unha información exhaustiva, clara e rigurosa, que considera que se debe enviar ao xulgado, entende que non necesitaría ser avalada esa pretensión nin por parte do BNG nin por parte do resto dos partidos representados nesta Corporación.

- Que é unha irresponsabilidade política votar algo do que non somos coñecedores.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que lle extrana que se poida ser descoñecedor de algo que se lle entregou a el dende o concello e que se lle poido entregar a calquera outro grupo político; a voceira

do Partido Socialista podería pedir a mesma documentación que el pediu e pasar horas e horas estudiando, e o Bloque Nacionalista Galego poido facer o mesmo, porque sabía a documentación que se lle entregaba.

- Que unha cousa é denuncia política e outra é cando se ten coñecemento de feitos que poden ser delectivos; e calquera de nós, se temos coñecemento de algo que pode ser delictivo, temos a obriga de dar conta aos órganos xudiciais.

- Que non queremos poñernos no papel de ningún xuíz; non falamos do tema da xestión da piscina, porque xa o leva a xuíza D^a. Pilar de Lara, pero o tema da concesión da auga que se acordou no ano 2004 non o leva ninguén, e pode prescribir.

- Que é moi bonito denunciar de palabra, pero “cando hai que coller o toro polos cornos” todos nos votamos para atrás, e el dou a palabra de que ía a seguir ata o final, e o vai facer; o que acaban de dicir os voceiros do PSdeG-PSOE e do BNG son disculpas baratas, porque a documentación que lle entregaron a el a teñen todos no concello, pero cando non hai vontade política para combatir a corrupción é mellor non pedir nada, non preguntar nada nin mirar nada.

- Que non queremos xudicializar a vida política en absoluto pero, para aqueles comportamentos que presuntamente poidan ser delectivos, non pode valer só a denuncia ante os medios de comunicación e ante o Pleno; é dicir, se hai un delito de malversación, quen ten coñecemento do mesmo debe ir ao xulgado correspondente a dar conta dos feitos; iso é seriedade política, independentemente das ideas de cada un.

- Que el pode estar equivocado, pero iso non quere dicir que estemos equivocados en tratar de enviar aquela información que a autoridade xudicial non ten.

- Que a través das informacións que saíron na prensa e dunha declaración do que foi concelleiro deste Concello Xavier Pintor, o Partido Popular actuou, mentres que o PSOE e o BNG non actuaron.

- Que pódese denunciar na prensa, pero onde hai que denunciar -cando se sabe algo que pode ser delictivo- é ante a autoridade xudicial.

- Que se o alcalde sabe ou ten coñecemento de que houbo un presunto delito de malversación de fondos non pode dicir que veña o xuíz e pida a documentación, somos nós os que temos que presentar esa documentación.

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que este tema falámolo entre os compañeiros, e pensamos que un xuíz –que está actuando de oficio neste tema- se fai falta documentación vaina a pedir.

*Do Sr. alcalde que, tras indicar que a el chégalle ben con ser alcalde, e non quere ser xuíz nin repartir xustiza, pasou a expoñer o seguinte:

- Que xa dixo que non ía a facer actos de fe en nada, que as súas decisións ían ser prudentes e baseadas en informacións previas; e nun asunto, tan importante como este, non se nos pode pedir ao resto dos concelleiros un acto de fe, cando non temos nin o dossier nin as conclusións do Sr. Orois Valiño; non é o mesmo mirar nós a documentación que votar a favor dun dossier que descoñecemos.

Pregunta ¿ata que punto é bo adiantarse á xustiza e mesturar xustiza e política?.

- Que non dubida que o Sr. Orois Valiño estudou concienzudamente a documentación e que a través das súas conclusións poderíase chegar a comprobar que houbo irregularidades, pero non coñecemos as conclusións dese estudo.

Pregunta ¿se non hai ánimo de vinganza, porque non estudar outra documentación sobre outros asuntos en outros períodos?, ¿ por que centramos ahí e non facer unha investigación xeral desde tal ano a tal ano?

-Que, de todos modos, o punto máis importante para non apoiar a moción, é que carecemos das conclusións e do dossier de que se fala na prensa; sempre se dixo que se ía a pedir un Pleno extraordinario para tratar este asunto, e nós estabamos abertos a facilitar isto, pero outra cousa é dar o voto afirmativo a algo que descoñecemos, e non se refire á documentación, que se pode votar man dela, senón ao dossier e ás conclusións.

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que non vimos nin o dossier nin as conclusións, ao mellor o asunto que se está tratando non tiña porque ser obxecto dunha moción de urxencia, senón dunha proposta analizada e estudiada previamente por todos.

- Que pensa que, se a xuíz que está levando o caso necesita máis documentación, vaina pedir.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que cando saíu na prensa a declaración do entón concelleiro Xavier Pintor, Begoña non quixo saber nada, outros si quixemos saber algo.

- Que o equipo de goberno tiña que saber cal era a documentación que el pediu, e unha vez explicada a moción, a concelleira do Partido Socialista xa ten os elementos de xuízo para poder pronunciarse en un ou outro sentido.

- Que o que non se pode dicir é que veñan a pedir a documentación; cando sabemos o que hai, temos que facilitalo.

-Que se fala de limpeza da vida política, pero sempre de boquilla, non podemos esperar a que nos pidan as cousas, hai que adiantarse porque hai transfondos que as veces non constan nun expediente.

- Que cando dicimos desde o P.P. que imos denunciar un feito, ben ante a Fiscalía ou ben ante o Xulgado, si vemos que hai indicios delictivos, falamos de presuntas irregularidades, de presuntos feitos delictivos, pero sempre coa presunción de inocencia.

- Que non acusamos a ninguén, pero queremos que a verdade saia ao público, e veñan ou non a pedir a documentación nós remitiremos a documentación do que temos coñecemento, cada un que actúa seguno o seu criterio.

- Que nós dixemos isto hai tempo e ninguén poderá dicir que o Partido Popular cando di unha cousa non a cumpre, sempre cumpriu o que dixo, neste caso non vai a ser menos.

*Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que se queixa da maneira de actuar, non sabe se os concelleiros do Partido Popular tiñan coñecemento do dossier do Sr. Orois Valiño, pero o que está claro é que os demais concelleiros non, e estásenos pedindo que votemos as conclusións do Sr. Orois Valiño para mandalas á xuíza, sen coñecelas.

- Que todos nos debemos a un partido político, e ningún partido vai permitir que se dea un voto afirmativo sen coñecer as conclusións que o Sr. Orois Valiño fixo.

- Que, en canto á limpeza da vida política a que antes se fixo referencia, quere dicir que el responde de si mesmo e polo seu equipo de goberno, incluso atrevese a responder por toda a corporación, pero si nos eriximos en limpadores de corruptelas teriamos que examinar a maioría da documentación que hai no arquivo municipal para ver que atopamos.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a proposta de acordo que contén esta moción, consistente en poñer en coñecemento da Autoridade xudicial os feitos descritos na mesma.

Adoptándose –por seis votos a favor (do PP) e sete en contra (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de non suscribir esa proposta de acordo.

*Punto 4º) **ROGOS E PREGUNTAS.***

Tras manifestar o Sr. alcalde se se ía a formular algún rogo ou pregunta, sen que se formulase ningún; non se fixo uso deste punto da Orde do día.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 10.10 horas do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.